A Fundación Juana de Vega nace no ano 1872 por vontade testamentaria de Dª Juana de Vega, co obxectivo primordial de mellorar a formación no ámbito agrario.

Para cumprir con ese obxectivo, entre outras actividades, ven colaborando desde hai mais de 16 anos coa Universidade da Coruña para impartir unha formación de calidade e actualizada en Xestión de Empresas Agroalimentarias. Esta formación serviu de base, para que un gran número de alumnos dos máis de douscentos cincuenta que elixiron o curso, ocupen hoxe postos de responsabilidade en empresas do sector.

Con esta experiencia acumulada, deseñouse un Programa de Posgrao cun contido que responde ás necesidades empresariais actuais e que constitúe o complemento de formación necesario para aqueles titulados universitarios nas diferentes ramas agrarias, ou profesionais, que desexen afrontar con éxito o seu futuro laboral e profesional.

A metodoloxía docente terá un carácter participativo e interactivo, facendo énfase nos contidos prácticos e instrumentais de cada módulo, polo que participarán xunto a profesores universitarios, directivos e empresarios cunha gran experiencia nas diferentes áreas funcionais da empresa.

FUNDACION JUANA DE VEGA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

INFORMACIÓN E SOLICITUDES

Fundación Juana de Vega. Rúa Salvador Allende, nº92. San Pedro de Nós. 15176 Oleiros (A Coruña).
Tfno.: 981.65.46.37 / Fax: 981.65.20.95 e-mail: activ@juanadevega.org web: www.juanadevega.org

17ª
promoción

CURSO DE ESPECIALIZACIÓN JUANA DE VEGA EN XESTIÓN DE EMPRESAS AGROALIMENTARIAS

Título de:
Experto en xestión de empresas agroalimentarias
(Título propio da Universidade de A Coruña)

16 anos formando expertos no sector.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FUNDACION JUANA DE VEGA

OBXECTIVOS:

Inculcar coñecementos sólidos sobre as máis avanzadas técnicas de xestión empresarial aplicadas a empresas agroalimentarias, contribuíndo a responder aos retos que supoñen a globalización e o aumento da competitividade dos mercados.

Afondar nos fundamentos da dirección, xerando seguridade na análise e rigor na toma de decisións.

Facilitar ao alumno as ferramentas e coñecementos necesarios para desempeñar con éxito, postos directivos na empresa agroalimentaria.

DIRIXIDO A:

Titulados universitarios, tanto de primeiro como de segundo ciclo, con especial orientación a ramas agrarias (Enxeñeiros Agrónomos, Enxeñeiros de Montes, Enxeñeiros Técnicos Agrícolas, Enxeñeiros Técnicos Forestais, Veterinarios, Biólogos, Químicos, licenciados en Ciencias do Mar,...), profesionais e Directivos.

MÓDULOS

1.- SISTEMAS DE INFORMACIÓN PARA A DIRECCIÓN

2.- MARKETING AGROALIMENTARIO

3.- XESTIÓN E PLANIFICACIÓN FINANCEIRA

4.- DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN E LOXÍSTICA

5.- XESTIÓN AMBIENTAL E SEGURIDADE ALIMENTARIA

6.- LEXISLACIÓN DE SOCIEDADES E FISCALIDADE DA EMPRESA AGROALIMENTARIA

7.- RECURSOS HUMANOS

8.- ANÁLISE SECTORIAL

9.- DIRECCIÓN XERAL

NÚMERO DE PRAZAS: 30

DURACIÓN: 300 horas presenciais de outobro a xullo.

HORARIO. Impartirase preferentemente os venres tarde e os sábados pola mañá.

LUGAR: Sede Social da Fundación Juana de Vega.

IMPORTE DA MATRÍCULA:

CURSO COMPLETO: 1.500,00 euros.

CURSO POR MÓDULOS: 7,00 euros/hora por módulo.

O pago poderá realizarse en dous prazos de 750,00 euros cada un.

EQUIPO DOCENTE:

Profesores das tres Universidades Galegas e doutras Universidades. Profesionais e expertos en cada unha das áreas.

O curso verase complementado con visitas a empresas e CONFERENCIAS sobre temas de especial interese.

BOLSAS DA FUNDACIÓN

A Fundación outorgará ata 15 BOLSAS para a realización do curso completo, que cubrirán o importe de matrícula en **990,00** euros e poderán optar a elas todos aqueles alumnos que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter rematados os estudos nos anos 2008 ou 2009.

- Estar en situación de desemprego.

Estas bolsas concederanse seguindo criterios académicos e económicos.